

**DECRETO DA ALCALDÍA 258/09**  
**Expte RE-281/06**

- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 14/4/2009 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación do servizo de “Asistencia letrada en procedementos xudiciais” do Concello de Vilaboa mediante procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.
- Visto que con datas de 11/5/2009 e 18/5/2009 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación, realizou proposta de adxudicación a favor do despacho profesional “Calixto Escariz S.L.U.”
- Visto que con data de 3/6/2009, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 1.000,00 €(mil euros) e presentou os documentos xustificativos esixidos.
- Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

**Segundo.** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de servizos de “ASISTENCIA LETRADA EN PROCEDEMENTOS XUDICIAIS” ao despacho profesional Calixto Escariz S.L.U. polo importe de 20.000 euros e 3.200 en concepto de IVE e un prazo de execución de DOUS ANOS a contar desde a sinatura do contrato de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións estabrecidas na súa oferta.

**Terceiro.** Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

**Carto.** Notificar ao adxudicatario do contrato a presente Resolución e requirirlle para a sinatura do contrato.

**Quinto** Publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil de contratante do Concello de Vilaboa.

Vilaboa, 5 de xuño de 2009  
O Alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez